



ACTIVIDADES SELECTIVIDADE

1. Identifica o tipo de macromolécula que aparecen na Figura 1. Indica cales son as súas unidades estruturais e describe o tipo de enlace que as mantén unidas. Explique a función desta macromolécula nos seres vivos. **Xuño 2010. Opción B. Setembro 2014. Opción A**



2. En relación ás seguintes macromoléculas: dipéptido, ácido desoxirribonucleico e disacárido. Indique en cada caso os compoñentes moleculares que os forman. Explique e represente o tipo de enlace que se establece entre os devanditos compoñentes. **Xuño 2011. Opción B**
3. Cal é a estrutura química dun nucleósido? E dun nucleótido? Que tipos de nucleótidos coñece? Cite catro biomoléculas formadas por nucleótidos e comente a súa función biolóxica. **Setembro 2012. Opción B**
4. Relaciona as seguintes macromoléculas coa súa función biolóxica indicando en cada caso as súas unidades estruturais e onde se atopan en maior abundancia: Fosfolípidos, ácido desoxirribonucleico, glicóxeno e triglicéridos. **Xuño 2014. Opción B**
5. En relación coas seguintes macromoléculas: polipéptido, ácido ribonucleico e amidón. Sinale en cada caso os compoñentes moleculares que os forman. Indique, explique e represente o tipo de enlace que se establece entre os citados compoñentes. Tipos dos ácidos ribonucleicos e función dos mesmos. **Xuño 2015. Opción A**
6. Identifique o tipo de molécula que aparece na Figura 2. Sinale cáles son as súas unidades estruturais, indique e describa o tipo de enlace que as mantén unidas. En que compartimentos dunha célula eucariota se localiza a macromolécula representada na figura e que función desenvolve? **Setembro 2015. Opción B**



8. Indique a natureza química, a función e onde se atopan en maior abundancia as seguintes moléculas: frutosa, quitina, amidón, colesterol e ADN. **Setembro 2016. Opción B**
9. Identifica os monómeros e distingue os enlaces químicos que permiten a síntese das macromoléculas: glúcidos, lípidos, protidos e ácidos nucleicos. **Xuño 2017. Opción A**
10. Indique as diferenzas entre nucleósido e nucleótido. Describa o enlace que une dous nucleótidos. Indique que diferenzas existen entre os nucleótidos que forman o ADN e o ARN. Explique en que consiste a complementariedade de bases e dous feitos que xustifiquen a súa importancia biolóxica. **Setembro 2017. Opción A**
11. Explique o significado dos seguintes termos: enlace O-glicosídico, enlace éster, enlace peptídico e enlace O-nucleosídico. Poña un exemplo de macromolécula que conteña dito enlace, identificando o tipo de monómero. **Setembro 2017. Opción B**
12. A que tipo de biomoléculas pertencen os ácidos ribonucleicos? Por que unidades estruturais están formados? Indique, explique e represente o tipo de enlace que se establece entre ditas unidades. Cite un exemplo e indique a función de dita biomolécula. **Xuño 2018. Opción A**
13. Indique cal é o monómero da seguinte macromolécula. Represente e explique o tipo de enlace que permite a formación da mesma: ácido desoxirribonucleico. Indique a súa localización e función nas células eucariotas. **Setembro 2018. Opción A**
14. A que tipo de biomoléculas pertence o ácido desoxirribonucleico? Por que unidades estruturais está formado? Explique e represente o tipo de enlace que se establece entre as ditas unidades. Indique a súa localización e a súa función nas células eucariotas. **Xuño 2019. Opción A**
15. Indique cal é o monómero da seguinte macromolécula e represente e explique o tipo de enlace que permite a súa formación: ácido ribonucleico. Poña un exemplo e indique a función da dita biomolécula nas células eucariotas. **Xullo 2019. Opción A**
16. **PREGUNTA 2. A base molecular e fisicoquímica da vida.** a) Identifique as moléculas representadas na figura 1. b) As moléculas A, B e C son as unidades básicas duns polímeros, de cales? Mediante que enlaces se unen cada unha delas para formar eses polímeros? Indique unha función desenvolvida por cada un deses polímeros nas células. c) De que biomoléculas pode formar parte a molécula D? Onde poden atoparse esas biomoléculas e que función realizan? **Xuño 2022**




Figura 1

PREGUNTA 2. A BASE MOLECULAR DA MATERIA VIVA A) Indique que tipo de biomolécula está representada nas imaxes, marcadas como 1 e 2, na figura 2. B) Indique o nome dos compoñentes sinalados coas letras A, B, C e D. C) Cite os catro compostos posibles que se poden atopar na posición E. D) Que tipo de enlace se establece entre os

componentes B e C?, e entre A e C ? E) Se a molécula sinalada co nº 1 perdese o componente B, como se denominaría a molécula resultante? F) Se se polimerizan un gran número de moléculas como as sinaladas co nº 2, que macromolécula se formará? G) Cite tres estruturas celulares onde apareza este tipo de macromolécula nunha célula vexetal.
Ordinaria 2024




Figura 2

PREGUNTA 5. LA CÉLULA A) Identifique las estructuras señaladas con números (1-8) en la figura 6. B) ¿En qué fase del ciclo celular podemos observar cada una de ellas? C) Explique la relación entre los niveles de empaquetamiento del ADN y la expresión de la información genética.

